



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E O CONCELLO DE RIBEIRA PARA A CONSTRUCCIÓN DO NOVO AUDITORIO MUNICIPAL

En Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2020

REUNIDOS

Por unha banda, Ánxeles Vázquez Mejuto, en nome e representación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, actuando no exercicio do seu cargo, en virtude do Decreto 94/2018, 26 de setembro (DOG núm. 185, 27 de setembro de 2018) e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Da outra, Manuel Ruíz Rivas, alcalde do Concello de Ribeira, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

EXPOÑEN

I.- O 22 de maio de 2019 asinouse entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o concello de Ribeira un Protocolo para a cooperación na execución de actuacións urbanísticas.

Segundo o establecido na cláusula primeira do Protocolo, o obxecto deste constitúeno as bases dunha futura cooperación entre a Xunta de Galicia, a través da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Ribeira, que permitan realizar as actuacións que posibiliten a mellora dos espazos urbanos e a construción dun novo auditorio municipal. Tal colaboración técnica e económica será obxecto de posterior desenvolvemento a través da sinatura do correspondente convenio de colaboración no que se concretarán as actuacións de cada unha das partes asinantes.

Segundo o disposto na cláusula terceira do Protocolo, a Consellería de medio Ambiente, Territorio e Vivenda, previos os trámites preceptivos, asume o compromiso de formalizar o oportuno convenio de colaboración co concello, no que se definirán a achega da consellería e as anualidades para o financiamento das obras.



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA

Así mesmo no convenio de colaboración concretáranse coa amplitude necesaria tódalas actuacións relativas ao correspondente financiamento da execución das obras, por parte de esa Consellería.

II.- O concello de Ribeira, ten aprobado recentemente o documento de “Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) de Ribeira “Máis Riveira Atlántica 2020” (MRA2020) redactado para definir unha estratexia integrada de cidade de carácter flexible, totalmente adaptada á realidade territorial e á estrutura institucional e de gobernanza de Ribeira.

No Plan de implementación da EDUSI “Máis Riveira Atlántica 2020” foron definidas inicialmente once liñas de actuación, entre as que se atopan a de dotación de infraestruturas culturais e sociais e a de edificios públicos para usos sociais.

Para o desenvolvemento destas liñas de actuación resulta como obxectivo principal o deseño e a execución da obra do novo auditorio municipal de Ribeira e o seu entorno, co fin de que esta nova infraestrutura de dotación se postule como principal punto de referencia para o encontro socio-cultural de todos os cidadáns.

Para deseño desta nova infraestrutura, formulouse un procedemento de contratación baixo a modalidade de concurso de ideas, co fin de concibir unha proposta singular e funcional, en sintonía coas liñas arquitectónicas do novo mercado municipal ou da nova lonxa.

Preténdese, así mesmo, completar a actuación co tratamento do espazo verde contiguo, para favorecer a integración do novo edificio co espazo público, creando así un espazo social no corazón do núcleo urbano, destinado ao lecer e ao disfrute de todos os cidadáns, que evitará a necesidade de viaxar a outros municipios para este propósito e favorecerá a integración de barrios periféricos no espazo urbano.

Así, os principais obxectivos da actuación son:

1. Posta en valor dunha superficie vacante de 1.372 m² calificada maioritariamente de solo urbano dotacional de equipamento público, situado nunha zona de crecemento do centro urbano.
2. Construción dun novo edificio flexible e multifuncional para a prestación de servizos socio-culturais de diversa índole, adaptado á normativa vixente, sostible e eficiente enerxeticamente.





XUNTA DE GALICIA

3. Ofrecer á cidadanía un edificio e un espazo público totalmente accesibles, comprensibles e utilizables por todas as persoas para o seu desenvolvemento na sociedade.

II.- A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 13º.1 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo (DOG núm.79 do 25 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

III.- O 12 de novembro de 2019 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o concello de Ribeira asinaron un convenio de colaboración para a redacción do proxecto básico e de execución do novo auditorio municipal de Ribeira e o seu entorno, cun orzamento total de execución de centó vinte e nove mil catrocentos setenta euros (129.470,00 €), segundo o acordo de adxudicación adoptado polo Pleno da Corporación Municipal o de 27 de xuño de 2019.

A finalidade da colaboración constitúe, deste xeito, unha razón de interese público que lle confire un carácter excepcional á axuda, obxecto do convenio.

A consellería considera axeitado colaborar na construción do novo auditorio municipal de Ribeira e para iso contribuír ao financiamento, das actuacións descritas na cláusula primeira, cunha achega de, como máximo, cincocentos mil trescentos doce euros (500.312,00 €), equivalente ao 13,71 % do investimento previsto. A dita achega, consonte co acordado trala sinatura do Protocolo asinado o 22 de maio de 2019, a que fai referencia o expoñendo primeiro deste convenio, ten que realizarse a través de subvención directa ao concello de Ribeira. Por outra banda, na Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, existe crédito axeitado e suficiente para o financiamento desta actuación.

En consecuencia, consonte co artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública. Isto xustifica, polo seu carácter de excepcionalidade, o procedemento de concesión directa por serlle de aplicación o establecido no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no 36.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei de subvencións de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

Polo exposto, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no exercicio das súas competencias, e o concello de Ribeira, no exercicio das que lle atribúe a súa lexislación específica, manifestan a súa vontade de formalizar unha colaboración, a través dun convenio que se estrutura nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente Convenio é establecer as bases da colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Ribeira para a construción do novo auditorio municipal de Ribeira e o seu entorno, cun orzamento total de execución de tres millóns seiscientos corenta e nove mil douscentos cincuenta e dous euros con trinta céntimos (3.649.252,30 €).

Trátase da colaboración no financiamento dunha actuación de execución, e que ten amparo legal no disposto nos artigos 2.1 b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 2.2 b) do seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, asume os seguintes compromisos:

1.- Contribuír ao financiamento, das actuacións descritas na cláusula primeira, cunha achega de, como máximo, cincocentos mil trescentos doce euros (500.312,00 €), equivalente ao 13,71 % do investimento previsto, con cargo a aplicación orzamentaria 07 04 521A 762.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, distribuída nas seguintes anualidades:

Anualidade de 2020:	58.000,00 €
Anualidade de 2021:	147.437,33 €
Anualidade de 2022:	147.437,33 €
Anualidade de 2023:	147.437,34 €

Esta achega, de acordo co disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, declárase compatible, no seu caso, con outras achegas, axudas ou subvencións que a entidade beneficiaria destine á execución das actuacións que se describen na cláusula primeira. Non obstante, a suma total de todas elas non poderá superar o 100% do orzamento total que require





XUNTA DE GALICIA

a actuación.. Neste caso, a axuda establecida neste convenio reducirase ata acadar o cumprimento establecido anteriormente.

Logo da adxudicación dos contratos que se celebren, para a execución das actuacións necesarias para o cumprimento do obxecto do presente convenio, as baixas que de se lo caso resulten, aplicaranse na proporcionalidade das achegas de cada unha das administracións intervenientes

2.- A Consellería asumirá, ata o límite establecido no apartado 1 desta cláusula, o custo da obra, unha vez que polo concello se presenten as correspondentes certificacións correspondentes, segundo o establecido no prego de cláusulas administrativas polo que rexa o contrato subscrito polo concello de Ribeira. Os aboamentos parciais que, no seu caso, se efectúen, non superarán o 80% da porcentaxe subvencionable, nin excederán da anualidade correspondente ao exercicio orzamentario.

3.- A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, resérvase o dereito de inspeccionar a execución dos traballos en calquera momento.

4.- Para os efectos do previsto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autorízase ao concello de Ribeira, beneficiario da subvención, para que subcontrate ata o 100% do importe dos traballos necesarios para a redacción do instrumento de planeamento obxecto do presente convenio. Tal autorización considérase concedida sen prexuízo, se é o caso, do cumprimento das previsións que establecen os números 3º e seguintes do devandito artigo 27.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DO CONCELLO DE RIBEIRA

O Concello de Ribeira asume as seguintes obrigas:

1.-Redactar os documentos técnicos que definan as obras a executar.

2.- Realizar as xestións pertinentes para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, segundo a normativa vixente que sexa aplicable, asumindo os custos que se xeren por estes conceptos, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal á que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o promotor e beneficiario destas actuacións.

3.- Levar a cabo as actuacións de contratación, execución, dirección, control e recepción das obras descritas no documento técnico e formalizar os actos de recepción das mesmas, así





XUNTA DE GALICIA

como asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado no apartado A da presente cláusula. O Concello de Ribeira asume a obriga de financiar a súa conta exclusiva, se fora o caso, os posibles modificados do contrato, contratos complementarios, liquidacións e/ou revisións de prezos que se puideran producir.

4.- Comunicarlle á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a data de recepción das obras para o efecto de que se envíe un representante, que estará presente para o efecto do previsto no artigo 30.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5.- De acordo coa mesma Lei 9/2007, o concello asume a total responsabilidade das execucións ante a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista ou contratistas encargados de executar as obras, a obriga da colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 27.5.

6.- Realizar ante a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a correspondente rendición da conta xustificativa do cumprimento das condicións e consecución dos obxectivos da axuda, presentando para isto a seguinte documentación:

(i) Copia compulsada dos xustificantes de gasto, certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento da finalidade da subvención. En relación co contido do artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, DOG de 25 de xuño de 2007, faise constar para o presente acordo a excepción de consideración de gasto realizado igual ao gasto efectivamente pagado. A estes efectos, terase en conta que se considera gasto realizado, o que foi efectivamente certificado pola intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención (art. 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia). Así mesmo, a entidade local beneficiaria deberá acreditar, dentro do prazo de un (1) mes contado a partir da data de recepción dos fondos da axuda, ante a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o pagamento dos fondos ao/s contratista/s que executaron ou as obras ou servizos obxecto do presente acordo.

(ii) Certificación ou acto de aprobación/conformidade do órgano municipal que corresponda; e declaración, de ser o caso, sobre a obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

A data límite de presentación da referida documentación de xustificación do gasto nas dependencias citadas, establécese no día 15 de decembro de cada unha das anualidades deste convenio.





XUNTA DE GALICIA

7.- Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

8.- Comunicarlle a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, á modificación das condicións establecidas neste convenio.

9.- Reintegrarlle á Comunidade Autónoma, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, a cantidade total ou parcial da axuda establecida neste convenio, e os xuros de demora que no seu caso correspondan dende o momento do seu pagamento, para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

10.- Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, todas as obrigas que, para o mesmo, establece o citado artigo.

11.- A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. De acordo co disposto no artigo 40.1 letra d) do Decreto 11/2009, a achega económica será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

12.- O concello de Ribeira presta expresamente o seu consentimento para que se lle de, ao presente convenio, a publicidade que establecen os apartados 1 e 2 do artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na forma establecida, e nos rexistros públicos regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo; rexistros creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 21 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. Polo tanto, o convenio será obxecto de publicación na páxina web oficial con expresión da contía e a súa finalidade, de acordo co disposto na citada normativa.

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE XESTIÓN

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo financiará as actuacións ata un máximo de cincocentos mil trescentos doce euros euros (500.312 €), que fará efectivos mediante transferencia bancaria ao concello de Ribeira, contra a presentación por este das certificacións das obras executadas,





XUNTA DE GALICIA

segundo as fases previstas no convenio. Non obstante, poderán efectuarse aboamentos parciais ata o límite do 80% da porcentaxe subvencionada, logo da presentación das correspondentes xustificacións e o cumprimento dos requisitos definidos nos puntos (i) e (ii) do apartado 6 da cláusula terceira.

Unha vez rematada a actuación obxecto do acordo, por parte do concello deberá ser xustificado o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos, na forma establecida nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007. A referida xustificación consistirá, entre outras, na certificación da intervención, ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, acreditando o cumprimento da finalidade para que foi outorgada.

De conformidade co disposto no apartado 6 do artigo 28 da Lei 9/2007, se fora o caso que, a actividade se financiara ademais de coa subvención con fondos propios, ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O incumprimento desta xustificación, ou a súa insuficiencia, implicará o reintegro desta axuda, nos termos fixados no artigo 33 da Lei 9/2007.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo limitará, en todo caso, a súa achega económica ao pactado no presente convenio, polo que non asumirá os aumentos que se puideran producir.

QUINTA.- RELACIÓN LABORAL ENTRE AS PARTES

A subscripción do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste. En consecuencia, o concello asumirá a posición de empresario ou contratante verbo de tales profesionais, e asumirá en exclusiva as obrigas e responsabilidades legais que a normativa legal e convencional lle impón verbo destes.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o impulso, seguimento e interpretación das accións establecidas no presente convenio crease unha comisión, que propoñerá ás partes a resolución das controversias que resulten respecto da súa execución, integrada por catro membros, dous por cada unha das partes asinantes do presente documento. Pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda formarán parte da mesma, a persoas que ocupen a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo ou persoa en quen delegue, e a xefatura do Servizo de Obras e Supervisión de





XUNTA DE GALICIA

Proxectos. Polo concello de Ribeira a comisión integráranla a persoas que ocupen a alcaldía ou persoa en quen delegue, e a concellería responsable da área de cultura, infraestruturas e urbanismo.

SÉTIMA.- OBRIGAS TRIBUTARIAS E DE ORDE SOCIAL

En aplicación do establecido no artigo 11 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 4 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a entidade local aportará, con carácter previo á sinatura do presente acordo e tamén, xunto coa documentación xustificativa que dea lugar aos pagamentos previstos na cláusula segunda, a oportuna declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, en virtude do disposto no artigo 4 do Decreto 193/2011 do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión de subvencións que as entidades locais cumprisen o deber de remisión ao Consello de contas das contas xerais de cada exercicio.

OITAVA.- PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149 do 3 de agosto).

NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA

DÉCIMA.- NATUREZA, LEXISLACIÓN APLICABLE, INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

1.- Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, correspondéndolle en último término a resolución das cuestións que poidan xurdir sobre a súa interpretación, execución e cumprimento á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. A xurisdición competente para resolver as cuestión litixiosas que poidan xurdir é a contencioso-administrativa.

2.- Para o non previsto no presente convenio, resultará de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xuño; o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e demais lexislación sobre a materia obxecto do mesmo e demais normas de Dereito administrativo e en defecto deste último polas normas de Dereito privado

3.- O incumprimento de calquera das cláusulas do presente Convenio constituirá causa suficiente de resolución do mesmo.

O presente Convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ámbalas dúas partes ao acordado en todas as estipulacións.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes o presente documento por triplicado exemplar, no lugar e data do encabezado.

DÉCIMO PRIMEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2023, sen prexuízo de que ambas as partes acorden unanimemente unha prórroga por un período máximo de 3 anos adicionais en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia, en cumprimento das previsións recollidas no artigo 49. h) da Lei 40/2015.

Pola Xunta de Galicia
A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e
Vivenda

Anxéles Vázquez Mejuto

Pelo concello de Ribeira
O alcalde

Manuel Ruíz Rivas



Xacobeo 2021